Adxunto a este escrito figuran 92 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 92, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91 e 92 volta.

**A Corporación deuse por enterada.**-----

**9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE 10 DE MAIO DE 2018, RELATIVA ÁS DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA.** O Sr. **Secretario** da conta da **resolución da alcaldía de 10 de maio de 2018**, que a continuación se transcribe literalmente:

“A efectos de precisar o réxime de delegacións da alcaldía fixado por resolución de 05 de xuño de 2017 por medio da presente se resolve o seguinte:

**PRIMEIRO:** manter nos seus exactos termos a resolución do 05 de xuño de 2017 respecto das delegacións en concelleiros/as.

**SEGUNDO:** precisar que as delegacións de competencias orgánicas na Xunta de Goberno Local, son as que a continuación se reseñan:

*a) Resolución solicitudes de autorizacións e renovacións de postos de venda ambulante en*

*mercadillos.*

*b) A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*

*c) Tramitación e adxudicación dos servizos de tempada de verán nas praias do municipio.*

**TERCEIRO:** da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que realice, e se publicará no "Boletín Oficial da Provincia", sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura.””

**A Corporación deuse por enterada.**-----

**10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 14 DE FEBREIRO AO 11 DE ABRIL DE 2018 (DE RES. Nº 387/18 Á Nº 803/18).** O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 14 de febreiro ao 11 de abril de 2018**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

**A Corporación deuse por enterada.**-----

## **M O C I Ó N S :**

**1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE A DEMORA DO PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECEMENTO, DECLARACIÓN E CUALIFICACIÓN DO GRAO DE DISCAPACIDADE.** A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

**“DEMORA DO PROCEDEMENTO PARA O RECOÑECEMENTO, DECLARACIÓN E CUALIFICACIÓN DO GRAO DE DISCAPACIDADE.**

Dna. Sandra Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de Sanxenxo

### **EXPÓN:**

A OMS (Organización Mundial da Saúde) define a discapacidade como un término xeral que abarca as deficiencias, as limitacións da actividade e as restricións da participación. As deficiencias son problemas que afectan a unha estrutura ou función corporal; as limitacións da actividade son dificultades para executar accións ou tarefas e as restricións da participación son problemas para participar en situacións vitais. Por conseguinte, a discapacidade é un fenómeno complexo que reflexa unha interacción entre as características do organismo humano e as características da sociedade na que vive.

A orde de 25 de novembro do ano 2.015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos

técnicos competentes. No artigo 8 establece como prazo máximo **para resolver o recoñecemento de grao 3 meses** para instrución e resolución de expediente, data a partir da cal se desestima por silencio administrativo segundo o artigo 9, e tendo obriga a Administración de resolver expresamente.

Estas limitacións ou restricións impiden en gran parte das persoas, ou os cuidadores principais destas, que solicitan a valoración de grao, o normal esenvolvemento da súa vida laboral ocasionando baixas reiteradas, Incapacidades ou mesmo a expulsión (por despedimento) do mundo laboral. Isto conleva unha diminución importante de ingresos da unidade familiar, que na maioría das ocasións vai acompañada tamén nun aumento de gastos derivados do desprazamento (e gasto de parking) a consultas médicas, probas diagnósticas, tratamentos e/ou rehabilitación, gastos de fármacos algúns deles non subvencionados e outros gastos derivados da enfermidade ou lesión pola que se solicita o recoñecemento do grao. Teñen que pagar un elevado custe: a perda de saúde e os gastos económicos que ocasiona.

A falta de recoñecemento de grao supón a demora ao accesos de determinados beneficios sociais que poden supoñer unha mellora no económico da unidade familiar e o acceso á formación ou facilidades para acceder a un novo emprego.

A Administración ten a obriga de corrixir estas situacións, para que ningunha persoas se sinta excluída e apartada dunha vida digna, e debe facilitar coa máxima urxencia posible a valoración dos graos de discapacidade, para poder beneficiarse de todas as melloras sociais e laborais, para non correr o risco de exclusión social tanto da persoa afectada como do seu entorno familiar.

Xa en xuño do ano 2.016 a espera para resolución de recoñecemento de discapacidade chegaba a unha agarda de **1 ano e medio**, polo que dende os Servizos Sociais do Concello de Sanxenxo, sendo concelleira de Servizos Sociais Sandra Fernández Agraso, remitiuse á Valedora do Pobo o seguinte escrito:

“Como técnicos dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Sanxenxo, manifestamos o seguinte:

Este Concello é un dos que ten o Servizo de Valoración de Discapacidade de Pontevedra como centro de referencia para a tramitación das solicitudes de recoñecemento do grao de discapacidade. Este servizo de valoración atende a toda a zona norte da provincia de Pontevedra, un total de 36 concellos, cunha poboación total duns 375.000 habitantes.

O tempo que ten que esperar un cidadán para recibir a resolución da súa solicitude é como mínimo de 18 meses. Na actualidade cítanse para valoración a persoas que presentaron solicitude no mes de outubro de 2014, lista de garda existente dende fai varios anos.

Tense coñecemento que ningunha outra provincia desta Comunidade Autónoma está a sufrir este inxustificado atraso no trámite e resolución de expedientes de solicitude polo mesmo concepto: o tempo medio de espera pode ser de 6 meses.

Esta circunstancia supón un prexuízo e trato discriminatorio tanto para a poboación da área de influencia do Servizo de Valoración de Pontevedra como para os técnicos dos servizos sociais que exercemos a nosa actividade profesional na zona de influencia do referido servizo, que apreciamos graves desigualdades entre provincias da mesma Comunidade Autónoma.

De feito na Orde do 25 de novembro de 2015 polo que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, na exposición de motivos faise constar o seguinte:

- *“A Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece como competencia da Xunta de Galicia a creación, mantemento e xestión dos Servizos Sociais especializados, así como a valoración técnica das situacións que determinen o recoñecemento do dereito aos servizos e prestacións esenciais de carácter material ou económico, determinado como unha das funcións dos servizos sociais*

*especializados a de valorar, diagnosticar e intervir ante situacións que requiran unha alta especialización técnica e, usualmente, interdisciplinar.*

*- O Real Decreto legislativo 1/2013, do 29 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a inclusión social, .....*

*- Neste senso, con obxecto de adaptarse aos últimos cambios normativos e co obxectivo de garantir a máxima axilidade e eficacia nos procedementos de recoñecemento do grao de discapacidade, e coordinación efectiva das unidades dependentes da Xunta de Galicia, especialmente no referente á coordinación necesaria co procedemento para o recoñecemento do grao de dependencia, así como a implementación dos medios técnico actuais de cara a implantación dos escenarios de tramitación electrónica, así como consolidar os dereitos das persoas con discapacidade, faise preciso aprobar unha nova norma”.*

***Esta normativa non se está a cumprir, nin se están a acadar os obxectivos de axilidade e eficacia dos procedementos no recoñecemento do grao de discapacidade, sendo o Centro de Valoración de Pontevedra, como xa se dixo, un dos que está a sufrir un maior atraso o que supón non só un grave prexuízo para os cidadáns que teñen que ser valorados no mencionado Centro senón tamén un trato desigualitario respecto doutros cidadáns das restantes provincias desta Comunidade Autónoma.***

Solicítase, previa comprobación dos feitos expostos, dende a Administración competente se artellen as medidas necesarias encamiñadas a resolver esta situación para que se cumpra a normativa vixente e acadar os obxectivos establecidos na mesma. “

Actualmente, neste ano 2.018, a espera xa non é de 1 ano e medio, e lonxe de mellorar este servizo, estase a comprobar que empeorou de maneira notoria e moi preocupante, pois a realidade é que as persoas que están agradando a que se instrúan e resolvan un expediente de discapacidade teñen unha espera actual **de ata 3 anos**, sendo na provincia de Pontevedra a situación máis dramática.

Existe unha entrada media de 4.500 expedientes anuais, tendo unha media de resolución de menos a 3.000, polo que cada ano vaise acumulado un mínimo de 1.500 expedientes sen resolver.

Dende hai anos, o persoal do centro de valoración da Discapacidade da provincia de Pontevedra veñen denunciando a falta de persoal cualificado e demandan concretamente a dotación **de xeito permanente** de dúas equipas completas formadas por facultativ@, psicólog@, traballador/a social e persoal administrativo, así como cubrir baixas e vacantes por xubilación para poder reducir a espera na valoración da discapacidade e así poder devolverlle a dignidade a esas persoas e os seus coidadores e coidadoras.

Por todo o exposto, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes acordos:

**Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Política Social a:**

**1.Contratación de xeito permanente, creando os postos na RPT de dúas equipas completas formadas por facultativ@, psicólog@, traballador/a social e persoal administrativo no Centro de valoración de discapacidade de Pontevedra.””**

A **Sra. Fernández Agraso** xustificou a urxencia polo propio feito de que agora se estea a tardar ata tres anos na provincia de Pontevedra para resolver estes recoñecementos.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.

A **Sra. Fernández Agraso** destacou que para persoas, calquera que fose a súa idade, que teñen unha situación tan complicada que lles impide a realización de actividades básicas da vida diaria, o recoñecemento do grao trae unha serie de beneficios, polo que o procedemento de aprobación debería tramitarse moito antes.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, dixo que ía votar a favor da moción, porque toda axuda é pouca para as persoas que se atopan nesta situación.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, especificou que estaba de acordo coa moción, porque esta situación provoca que os problemas que sofren estas persoas se agraven.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, manifestouse no mesmo sentido que os concelleiros/as anteriores, engadindo que esta situación estaba relacionada co desmantelamento da sanidade pública, a pesar do traballo excelente dos facultativos que manteñen como poden estes servizos.

A **Sra. Freire Fernández, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, indicou que os traballadores destes servizos son os que mellor coñecen os problemas que causan estes atrasos, manifestando que dado que a Xunta de Galicia recentemente aprobou a creación de catorce novos grupos de valoración a partir de xuño é polo que, entendendo que xa se estaba na liña apuntada da moción, ían votar a favor da mesma.

A **Sra. Fernández Agraso**, precisou que co que pretende realizar a Xunta de Galicia non están de acordo os centros, xa que os grupos traballarán seis meses, que é un período moi escaso para poder formar ao persoal, preferindo menos grupos pero con mais tempo, porque en seis meses pouco poderán valorar.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación na que, **por unanimidade dos membros da corporación presentes, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

**1. Contratación de xeito permanente, creando os postos na RPT de dúas equipas completas formadas por facultativ@, psicólog@, traballador/a social e persoal administrativo no Centro de valoración de discapacidade de Pontevedra.**-----

**2º) MOCIÓN DA CONCELLEIRA NON ADSCRITA, SRA. RODRÍGUEZ BÚA, SOBRE REGULARIZACIÓN DA TAXA CATASTRAL** A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Vanessa Rodríguez Búa, con DNI 77415688B, como concelleira Non Adscrita do Concello de Sanxenxo, e o abeiro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCION**:

Vanessa Rodríguez Búa, con DNI 77415688B, como concelleira Non Adscrita do Concello de Sanxenxo, e o abeiro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCION**:

O Ministerio de Facenda puxo en marcha a finais do 2013 o bautizado como programa de regularización de bens inmuebles, un plan que segundo os datos oficiais, actualizados o pasado xullo, descubriu en Galicia case 220.000 inmuebles que estaban ocultos aos ollos do Catastro.

Este ano prevese que se revisarán 80 concellos, entre os que se atopa Sanxenxo, que se sumarán aos 169 xa escrutados.

Este proceso, segundo defínese na páxina oficial do Catastro, consiste na “*incorporación ao Catastro Inmobiliario dos inmuebles urbanos e dos inmuebles rústicos con construción, así como das alteracións das súas características, nos supostos de incumplimento da obriga de declarar de forma completa e correcta as circunstancias determinantes dun alta ou modificación, co fin de garantir a adecuada concordancia da descrición catastral dos bens inmuebles coa realidade inmobiliaria.*”

*A regularización da descrición catastral dos bens inmuebles resultante deste procedemento conleva a liquidación da taxa de regularización catastral, tributo de carácter estatal.*

*A cuantía desta taxa é de 60 euros por cada un dos inmuebles obxecto de regularización. Debe ser abonada por quen teña a condición de suxeito pasivo do Imposto sobre Bens Inmuebles no exercicio no que se iniciou o procedemento de regularización catastral.”*

Este procedemento ten tres consecuencias económicas inmediatas para o veciño, propietario dun ben inmueble:

-Primeiro: o abono da taxa de 60 euros polo mero feito de ser obxecto do procedemento de revisión catastral. Taxa que cobra o Ministerio de Facenda, quen tan só nos últimos 3 anos recaudou xa 108 millóns de euros en España

-Segundo: si da verificación se derívase un aumento de valor do seu ben, o seu recibo do IBI aumentará para o próximo ano. En España revisáronse xa case dous millóns de inmuebles, o que xerou un incremento de 1.254 millóns de euros na recaudación do IBI.

-Terceiro: ademais do aumento do IBI de cara ao futuro, o Concello (que é quen cobra o IBI) poderá esixirlle ao veciño a diferenza (ese aumento da cota do IBI) dos últimos catro anos.

As cantidades astronómicas que están recaudando tanto o Ministerio de Facenda de Montoro, como os municipios de toda España con motivo deste proceso de revisión catastral, deixan en evidencia que o custo da revisión podería ser asumido na súa totalidade pola propia Administración sen aplicar a taxa dos 60 euros aos vecinos, a cal creemos que debería ser anulada.

Si ademáis se ten en conta a nosa realidade, xa que o feito de que un propietario teña construcións sen declarar ao Catastro débese, na maioría dos casos a dous supostos típicos:

-O descoñecemento do veciño, que cre que ao tramitar todos os permisos e licenzas urbanísticas oportunas ante o Concello cumpriu con todas as súas obrigas, xa que por parte do Concello non se lles informa adecuadamente da súa obriga de ter que declarar ao Catastro estas obras. No caso do Concello de Sanxenxo nin se lles informa debidamente, nin tampouco se recorreu á posibilidade de asinar un convenio entre o Concello e o Catastro para que o propietario xa non teña que declarar a obra, que o faga directamente o Concello.

-Noutros casos responde a erros latentes desde a creación da nova base digital do Catastro, fai 15 ou 20 anos. Erros que, a pesar do tempo transcorrido non afloraron ao non executar ningunha obra o propietario. Nestes casos, o erro inicial é do propio Catastro, o que converte en aínda máis inxusta a imposición do abono da taxa.

Baseándonos en todo o exposto e tendo en conta o considerable aumento de recaudación en concepto de IBI que este proceso de regularización catastral supón para o Concello de Sanxenxo, consideramos que o xusto é que o Concello se preocupe de conseguir que os veciños se vexan o menos prexudicados posibles e por iso, débese aprobar unha rebaixa do IBI para todos os veciños do noso municipio, que, como mínimo, veña a compensar polo menos o aumento de recaudación para o Concello; de forma que se consiga que os fondos que contaba ingresar o Concello en concepto de IBI se manteñan estables, mentres que a cota a pagar por cada propietario tamén se mantería estable, xa que o efecto da subida na cota por aumento da superficie pola que debe tributar como consecuencia do proceso de regularización se vería compensada por a rebaixa do tipo do IBI.

Por todo elo, solicito o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

-Que se inste ao Goberno Central do Partido Popular á supresión da taxa de regularización catastral

-Ante o previsible aumento da recaudación municipal por IBI, derivada do proceso de regularización catastral que está sufrindo o noso Concello, se insta o Goberno municipal a unha rebaixa do IBI, que sexa, como mínimo, proporcional o aumento da recaudación derivada do proceso de regularización catastral.””

A **Sra. Rodríguez Búa** xustificou a urxencia porque xa se chega tarde ante o problema que están a sufrir os veciños de Sanxenxo.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. Rodríguez Búa** dixo non se está pedindo que se rebaixe o IBI porque se, senón porque ante o total incumprimento do Concello de Sanxenxo en termos urbanísticos parece o colmo que as arcas do concello saian beneficiadas en prexuízo dos veciños. O Concello faltou aos seus deberes fai uns anos, con total desinformación respecto á ponencia de valores e o concello non fixo nada e agora repítese a historia, o que está a supoñer para os veciños un grave prexuízo, cando nun concello próximo como Cambados, o Concelleiro de Facenda preocupouse de informar os veciños, que tiveron ocasión de regularizar as súas propiedades, evitando o pagamento da taxa de 60 euros. Por iso é xusto que se rebaixe o tipo do IBI nunha proporción que, como mínimo, sexa igual á subida que se prevé; de forma que o Concello quede igual e ao veciño se lle evite a subida no seu recibo.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que votaría a favor da moción e entendía que o goberno municipal non debería ter problemas en aprobala, porque no seu día aprobouse unha moción a proposta do PP e co seu apoio, para a rebaixa do IBI e agora vai no mesmo sentido, engadindo que se debería beneficiar aos veciños, agora que desde a alcaldía se está a conseguir diñeiro das institucións, rematando para dicir que o da revisión catastral é unha vergoña e o mínimo que se tiña que facer era avisar e informar aos veciños.



A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que votaría a favor da moción e cualificou a taxa de 60 euros como un imposto revolucionario do que se debía pedir a súa eliminación, matizando que desde o PP xa votaron a favor dunha rebaixa do IBI e agora, por coherencia, deberían votar a favor da moción para apoiar aos veciños e non desangralos.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, explicou que o IBI se aplica en todos os concellos e o problema non está nos tipos, senón nas valoracións conforme ao mercado que se realizan dos terreos, estando de acordo coas palabras da anterior concelleira respecto da taxa de 60 euros pola regularización da descrición catastral, que consideraba unha medida recadatoria, preguntando cantas unidades foron detectadas en Sanxenxo, porque o numero podía entenderse como inasumible, dado que neste concello fíxose unha actualización recente e non deberían detectarse tantas regularizacións.

O **Sr. Guisasaola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, informou que as regularizacións alcanzaron unha cifra aproximada de 1.200, tratándose na gran maioría de alteracións dos inmobles como consecuencia de piscinas, galpóns ou outros elementos, engadindo que existiron erros, producíronse alegacións e, se se confirman estes erros, eliminase a taxa, manifestando que o descoñecemento do dereito non exime do seu cumprimento e que o concello puxo a disposición dos veciños un local para información, os servizos técnicos e ampliouse o prazo, finalizando para aclarar que na ponencia de valores non se revisaron os inmobles e que o acordo promovido polo Partido Popular no ano 2016, supuxo unha baixada do 10%.

A **Sra. Rodríguez Búa** resaltou a desatención dos deberes do concello de información aos veciños para que eles mesmos fixesen a regularización catastral e evitar o gasto da taxa, matizando que a moción pretende que o concello se quede como está e o beneficio reverta aos veciños para que, polo menos, desde o goberno municipal non se teña a desvergoña de gozar dos beneficios procedentes da regularización catastral.

O **Sr. Agís Balboa** indicou que moitas veces a administración deixa facer e logo, cando as cousas están mal feitas, actúan, o que hai que facer é avisar á xente e, neste caso, non se fixo. O interveniente dixo que isto terá unha repercusión económica negativa para moitos veciños e que desde o PP se aprobou no seu día a baixada do IBI e agora e esta moción vai no mesmo camiño, o que pasa é que as cousas se miran moi distinto cando se está no goberno a cando se está na oposición, aínda que o concelleiro no uso da palabra actuará no mesmo sentido. Para rematar a súa intervención indicou que tamén o que ingrese no concello, permitirá realizar actuacións en beneficio dos veciños.

O **Sr. Otero Domínguez** indicou que o xusto era tributar en función dos bens realmente existentes e aludiu a que as regularizacións se estaban a detectar sobre todo en zonas periféricas, non urbanas consolidadas, dubidando da súa aplicación para algúns casos, como os alpendres e destacando que eran os propios veciños os que tiñan que xustificar o erro no traballo técnico, considerando a taxa dos 60 euros como abusiva e recadatoria e que equivalía a varios anos de subida do IBI. O interveniente proseguiu dicindo que estaba de acordo coa cifra dada polo Sr. Guisasaola Padín, pero consideraba que había edificacións que xa estaban de bastante tempo antes, o que a xente non entende, lamentando tamén a retroactividade dos catro anos, considerando o realizado como un abuso.

**O Sr. Guisasola Padín**, explicou que a gran maioría eran alteracións e que xustiza tributaria era que pagaran os que levaban 30 anos sen declarar un ático, mentres que a gran maioría pagaba polo que tiña, lembrando que foi o Partido Popular desde a oposición o que acordou a rebaixa do IBI do 10% neste concello e que, cara ao futuro, van aprobar novas reducións deste imposto.

A **Sra. Rodríguez Búa** sinalou que cando o PP promoveu a rebaixa do IBI, o que na realidade pretendía era reducir a capacidade económica do anterior goberno municipal, en cambio nesta moción non se minora a capacidade recadatoria do concello e que desde aquí, o que se debería facer, era tutelar aos veciños e non aproveitarse deles.

O **Sr. Presidente** explicou que cando desde a oposición rebaixaron o IBI, foi porque precisamente o goberno anterior e o seu concelleiro de facenda, Sr. Otero Domínguez, non estaban realizando unha correcta xestión, aprobando os orzamentos en Xunta de Goberno, porque eran incapaces de traelos a Pleno, a pesar de que o PP se ofreceu a negociarlos. O interviniente sinalou que non ían subir os impostos, os ían baixar e que deu instrucións para traer os orzamentos do vindeiro ano en outubro de 2018, para que estivesen en vigor en xaneiro de 2019, no que se levarían medidas para beneficiar a xente necesitada, porque non estaba de acordo en rebaixas a todos por igual, como se fai nesta moción, senón a quen o necesite.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 6 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

**Votos en contra:10 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).**

**Votos pola Abstención: 0**

En consecuencia, **a moción anteriormente transcrita non resultou aprobada.** -----

### **ROGOS:**

-A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, aludiu a se seguía existindo a concellería de deportes, dado que probas que se realizaban antes, agora non se facían, poñendo como exemplo o triatlón, o BTT-Raia e a proba de atletismo de Aios, co que se ía quedar sen funcións. O **Sr. Sueiro Méndez, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, precisou que a proba de triatlón a organizaba unha empresa, que non a seguiu facendo e o concello só prestaba apoio, en canto a BTT-Raia cambiouse por outra proba e, respecto da de Aios, a organizaba unha asociación que tamén deixou de promoverla.

-A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, solicitou a limpeza de silveiras nun regato do polígono de Nantes, precisando o **Sr. Alcalde** que xa estaba limpo

-A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, rogou a reparación dunha fochanca existente

na estrada de Pedrouzos, contestando o **Sr. Alcalde** que xa estaba reparada.

-O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, preguntou sobre unha vertedura no peirao do chasco ,en Portonovo. O **Sr. Deza Otero, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, sinalou que non lle constaba ningunha queixa e que ía ver se existía ese problema.

-O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, indicou que existían bastantes problemas cos colectores soterrados de lixo, que debían arranxarse.O **Sr. Alcalde** explicou que se ían a eliminar tres illas de colectores, na entrada do Porto, na praza dos Barcos e o que está fronte á finca Patiño, indicando que cantos mais existan, tamén existirían mais focos de lixo, engadindo que xa se arranxou o “Big Trainer” do porto.

-O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, rogou que cando o Sr. Alcalde faga alusións como as realizadas con ocasión da ultima moción, fágaas con sentido común e non baseadas en falsidades, especificando que o dito sobre os orzamentos o debía comentar aos seus socios de goberno, un dos cales era o alcalde e especificou que agora se goza dunha capacidade económica xerada polo feito nos últimos dous anos do goberno anterior, rogándolle ao aludido que non volva a facer o mesmo que na outra ocasión que foi alcalde.O **Sr Alcalde** aludiu a que non dixo ningunha barbaridade, o orzamento do goberno anterior aprobouse na Xunta de Goberno e iso non era opinable, matizando que o tempo pon a cada un no seu sitio, uns gobernan sen gañar eleccións e outros gobernamos gañando eleccións.

## **PREGUNTAS:**

-A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, respecto da compara dunhas parcelas en Miraflores, tramitadas no goberno anterior e resolto agora o expediente, cando estaba practicamente pechado, fai un ano, preguntou cando se ían por fin a utilizar os terreos para aparcamento, respondendo o **Sr Alcalde** que cando informe medio ambiente respecto das árbores que non se poden cortar.

-A **Sra. Rodríguez Búa concelleira non adscrita**, preguntou como casaba o que se publicou no Diario de Arousa do día 22 de maio, respecto da recepción do parque empresarial e o inicio do seu funcionamento cunha conexión provisional do 2006 e tubaxe de 315 milímetros, co informe que redactaron os técnicos do concello, en decembro de 2010, para incautar o aval, no que se indicaba que a xunta de compensación incumpriu sobradamente a súa obriga de urbanizar o SU 15 no prazo legalmente establecido e que a incautación non supoñía unha recepción das obras de urbanización do parque empresarial, senón a obtención dos recursos económicos para a execución subsidiaria das obras de urbanización que faltaban, engadindo que unha sentenza do ano 2012, desestimou a pretensión da empresa urbanizadora de que se considerase recepcionado o parque polo Concello.A interveniente proseguiu indicando que non entendía que se diga que non hai problema en recepcionar o polígono sen executar as obras de urbanización e mais concretamente o colector de augas residuais, preguntando en que se fundamenta ese cambio. O **Sr Alcalde** contestou que se vai a recepcionar o parque legalmente, ante o que a inquirinte preguntou se se ía recepcionar coa tubaxe actual, reiterando a súa contestación anterior o interpelado.

-**O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, respecto da praza existente en Vilalonga, na que había un quiosco e sobre a que se estaba a ver a posibilidade dunha cesión por parte do titular dos terreos, sempre que se lle buscasse unha vivenda a persoa que ocupaba o quiosco, preguntou que pasa neste asunto, porque non se fixo nada, contestando o **Sr. Sr. Alcalde** que, aínda que a praza é practicamente publica, se está a traballar no asunto, buscando a mellor solución para os problemas derivados do falecemento do propietario, non podendo explicar en concreto esas xestións.

-**O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, aínda que xa coñecía o motivo, preguntou para que fose coñecido publicamente, a razón da corta de árbores en Punta Vicaño, contestando o **Sr. Deza Otero, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, mediante a lectura dun informe técnico que aconsellaba a talla das árbores por unha praga que sufrían, o que tiña consecuencias para a seguridade, ensinando fotos de como se atopaban as árbores e indicando que o motivo fundamental era a seguridade, finalizando para indicar que se ían plantar árbores de especies autóctonas e ía quedar toda máis seguro e ecolóxico.

-**O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que o pintado de Silgar cun arco da vella de seis en vez de sete cores, parecíalle unha idea boa, aínda que levantou moita polémica.

-**A Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, respecto do aludido pola enfermidade das árbores, lembrou que durante a súa época de concelleira de medio ambiente e para actuacións como as levadas a cabo na Praza Fonte de Ramos, remitíase ás opinións dos que sabían, en primeiro lugar a técnica de medio ambiente e despois, nos asuntos nos que esta non era especialista, buscábanse outras opinións.

- **O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, respecto das árbores do Vicaño, preguntou se había ou non praga, porque parece que se variou a postura a cuestións de seguridade, ante unha intervención do BNG, no sentido de que, se trataba dunha praga, a competencia para intervir era da Xunta de Galicia, contestando o **Sr. Alcalde** que non existiu unha praga, senón enfermidade das árbores, que tamén estaban secas, polo que se cortaron polo perigo que podían causar para os veciños, engadindo que se ía repoboar con árbores autóctonas.

- **O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, ante o mandato da Xunta de Galicia para que se respecte unha distancia de seguridade das árbores fronte as vivendas, preguntou polo traballo efectuado ao respecto desde o concello, tendo en conta a práctica imposibilidade que se estaban manifestando desde outros concellos para cumprir esta previsión. **O Sr. Deza Otero, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, contestou que se estaba a comunicar á xente ás actuacións que tiñan que facer e ían cumprindo, engadindo o interpelante que, como noutras ocasións, a Xunta de Galicia descargaba a responsabilidades nos concellos.

- **O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, respecto do manifestado nunha pregunta anterior sobre o polígono polo **Sr. Alcalde**, dixo que era unha obviedade, porque de forma ilegal non se podía recibir, preguntándolle se lle informaron dos informes sucesivos de técnicos do concello e do ex xerente, sobre que a posición do concello

non era a de axente urbanizador, porque lle parece que coas últimas adxudicacións feitas semella que o concello recoñece esa situación, coa posible repercusión que podía ter para unha responsabilidade patrimonial do Concello. A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, contestou que o **Sr. Alcalde** coñece o expediente e que o concello non variou a súa postura e non se transformou en promotor, lembrando que se executaron obras, ao igual que tamén xa fíxose no ano 2013 para rematar a urbanización e precisou que se trataba dunha urbanización privada e, se o aval fose insuficiente, terían que pagar os propietarios.

-A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** preguntou sobre o contrato que se rescindiu a traballadora da gardería de O Revel, porque non tiña a titulación necesaria, respondendo a **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, que a empresa sinalou que cando contrataron a persoa pensaron que se a tiña, pero desde o ano 2013 non podía ser, explicando a concelleira no uso da palabra que se chamou a empresa, indicando que se debía cumprir á legalidade e aludindo a inquirinte que a empresa non podía descoñecer a titulación necesaria para realizar ese tipo de traballos.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**